



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)

Telf.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

BANDO

D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BEADE (OURENSE)

FAGO SABER:

Que con data 29 de abril de 2025 publicouse no DOG nº 81 o **Plan de axudas ás actuacións de mellora de eficiencia enerxética en vivendas**, para o ano 2025.

Destinatarios:

Persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias de vivendas, sempre que constitúan o seu domicilio habitual e permanente no momento de solicitar a axuda.

Obxeto da axuda

- Actuacións que se realicen en vivendas individuais, nas que se consiga unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración de, polo menos, o 7% ou unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable de, polo menos, un 30%.
- Actuacións de modificación ou substitución de elementos constructivos da envolvente térmica.

Contía máxima

O importe da subvención será do 40% do custo das actuacións, cun límite de 3.000 euros por vivenda.

Prazo de presentación das solicitudes:

Dous meses, que comezan a contar unha vez transcorridos cinco días hábiles desde o seguinte ao da publicación no DOG.

Para **máis información** os/as interesados/as deberán dirixirse ao **Instituto Galego de Vivenda e Solo**, tfnos: 988386273/988386268.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.



Beade, 2 de maio de 2025